

RESUMO DOCUMENTO DIRECTRICES SOBRE O USO DAS MÁSCARAS EN EDUCACIÓN (21/04/22)

A raíz da publicación do Decreto 286/2022 pola que se modifica a obrigatoriedade do uso da máscara durante a situación de crise sanitaria actualízanse as directrices sobre o uso da máscara en ámbito educativo.

- Obrigatoriedade do uso da máscara no transporte escolar para os maiores de seis anos.
- Excepcións á situación anterior:
 - Menores de seis anos.
 - Persoas con algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se agrave co uso da máscara.
- A hixiene de mans, a ventilación e evitar aglomeracións seguen a ser medidas con moi alto valor protector.
- Ante a existencia nos centros de alumnado e persoal docente e non docente en situación de vulnerabilidade, é especialmente recomendable que eses colectivos sigan a usar a máscara.
- En consecuencia *recomendase* que, no interior dos centros educativos, se siga a utilizar a máscara por parte do alumnado e os traballadores/as do centro.
- Casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos deben utilizar de modo continuado a máscara e respectar a distancia de seguridade de 1,5 m. con outras persoas. Deberán evitar a persoas en situación de vulnerabilidade e reducir no posible a interacción con outras persoas. Estas medidas deberán aplicarse durante 10 días desde o inicio dos síntomas, diagnóstico ou último contacto, segundo os casos.
 - Se a sintomatoloxía inclúe cadros febrís recoméndase non acudir ao centro.

RESUMO DE DIRECTRICES	
OBRIGATORIO	<ul style="list-style-type: none">• Transporte escolar (agás excepcións previstas)
RECOMENDADO	<ul style="list-style-type: none">• Persoal traballador do centro
	<ul style="list-style-type: none">• Alumnado do centro
	<ul style="list-style-type: none">• Casos confirmados de COVID-19
	<ul style="list-style-type: none">• Casos sospeitosos
	<ul style="list-style-type: none">• Contactos estreitos